



**ANUNCIO do 4 de xuño de 2021, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común (MVMC) Arufe de Aldoar, no concello da Pastoriza. Expediente 1DES\_2020.**

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de **deslindamento do MVMC Arufe de Aldoar con propiedades particulares**, presentada o 11.3.2020 pola comunidade propietaria do monte.

Con data 4.6.2021 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable ao considerar que non existe menoscabo da integridade do MVMC.

Contra a proposta de deslindamento, no **prazo dun mes**, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta. Para consultar a documentación, deberase pedir **cita previa** nos teléfonos 982 889 256 ou 982 294 532.

Lugo, 4 de xuño de 2021

M<sup>a</sup> Olga Iglesias Fontal  
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

